

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4907** *Lei orgánica 4/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para o establecemento do réxime xurídico aplicable ao Consello Xeral do Poder Xudicial en funcións.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

##### I

Esta norma ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable ao Consello Xeral do Poder Xudicial cando a composición deste non se renove no prazo establecido pola Constitución, abocando o órgano constitucional a continuar en funcións até a súa renovación.

A duración do mandato dos vogais do Consello determínase de forma clara e inequívoca na Constitución española, que establece no seu artigo 122.3 que o «Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo rei por un período de cinco anos».

Do mesmo modo, no artigo 570.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, faise referencia á situación resultante da finalización do prazo sen que fosen designados novos vogais, e sinálase que «se ningunha das dúas cámaras tivese efectuado no prazo legalmente previsto a designación dos vogais que lles corresponda, o Consello saínte continuará en funcións até a toma de posesión do novo, e non poderá elixirse, até entón, novo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial».

É evidente que a superación do prazo máximo de mandato sen que se producise a debida renovación sitúa o Consello Xeral do Poder Xudicial nunha situación extraordinaria, cuxo réxime xurídico non pode ser o mesmo que o aplicable ao período normal de funcionamento. Mostra de tal diferenza é a terminoloxía utilizada na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para denominar o Consello que supera o seu mandato, que pasa a ser «saínte» e, por tanto, a continuar exclusivamente «en funcións». A pesar disto e a diferenza do que sucede con outros órganos constitucionais como o Goberno ou as Cortes Xerais, os cales contan cunha exhaustiva regulación sobre como deben operar cando se encontran en funcións ou disoltos, respectivamente, no caso do Consello Xeral do Poder Xudicial non existe ningunha previsión sobre a materia máis aló do mencionado artigo da Lei orgánica 6/1985.

Esta lagoa xurídica constitúe, sen dúbida, un déficit no deseño constitucional do Estado que debe ser corrixido. Partindo de que o desexable será sempre que a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial se produza de maneira inmediata á finalización do seu mandato, debe, non obstante, preverse un réxime xurídico completo e adecuado para cando tal circunstancia non se dea. A existencia dunha normativa apropiada para estes casos supón unha garantía básica para o correcto funcionamento da Administración de xustiza, así como un medio para favorecer a renovación, pero, sobre todo, resulta fundamental de cara a salvagardar a lexitimidade do órgano.

Non debe esquecerse que, en canto máximo órgano de goberno do Poder Xudicial, o Consello Xeral do Poder Xudicial é unha peza clave no deseño institucional propio do noso Estado de Dereito. E éo, non só por garantir a independencia de quen exerce a potestade xurisdiccional, senón tamén por achegar lexitimidade democrática ao terceiro poder do Estado.

Do anteriormente exposto colíxese a necesidade de limitar as decisións adoptadas por un Consello saínte, cuxos membros excederon o período constitucional de mandato. Así, facultades como a de propor o nomeamento do presidente do Tribunal Supremo, dos presidentes das audiencias, dos tribunais superiores de xustiza e da Audiencia Nacional, dos presidentes de sala e dos maxistrados do Tribunal Supremo ou dos maxistrados do Tribunal Constitucional deben quedar excluídas do ámbito competencial do Consello cando este se encontra en funcións. Estas lóxicas limitacións, derivadas do carácter excepcional da non renovación en prazo, tamén deben establecerse en relación co nomeamento dos directores da Escola Xudicial e do Centro de Documentación Xudicial, así como do vicepresidente do Tribunal Supremo, o promotor da Acción Disciplinaria, o director do Gabinete Técnico do Consello Xeral do Poder Xudicial e o xefe da Inspección de Tribunais.

Pola contra, aquelas facultades que resultan necesarias para garantir o normal funcionamento do órgano e non impliquen unha inxerencia nas lexítimas atribucións do Consello entrante son expresamente recollidas no réxime xurídico do que a presente norma dota o Consello en funcións. Garántese desta maneira que non se produza unha parálise no seu funcionamento.

Ao non tratarse dun órgano xurisdiccional, que non podería ver paralizada a súa actividade nin deixar en suspenso ningunha das súas atribucións, resulta posible separar as facultades do Consello Xeral do Poder Xudicial en funcións que resultan indispensables para o goberno e bo funcionamento de vulgados e tribunais daqueloutras que, pola contra, conforman un feixe de competencias e atribucións que lexitimamente deben corresponder ao Consello entrante ou renovado e non ao saínte.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo artigo 570 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 570 bis.

1. Cando, por non se ter producido a súa renovación no prazo legalmente previsto, o Consello Xeral do Poder Xudicial entre en funcións segundo o previsto no número 2 do artigo 570, a súa actividade limitarase á realización das seguintes atribucións:

- 1.<sup>a</sup> Ser oído polo Goberno antes do nomeamento do fiscal xeral do Estado.
- 2.<sup>a</sup> Participar, nos termos legalmente previstos, na selección de xuíces e maxistrados.
- 3.<sup>a</sup> Resolver o que proceda en materia de formación e perfeccionamento, provisión de destinos, ascensos regrados, situacións administrativas e réxime disciplinario de xuíces e maxistrados.
- 4.<sup>a</sup> Exercer a alta inspección de tribunais, así como a supervisión e coordinación da actividade inspectora ordinaria dos presidentes e salas de goberno dos tribunais.
- 5.<sup>a</sup> Coidar da publicación oficial das sentenzas e demais resolucións que se determinen do Tribunal Supremo e do resto de órganos xudiciais.
- 6.<sup>a</sup> Garantir o funcionamento e actualizar os programas formativos da Escola Xudicial.

7.<sup>a</sup> Exercer a potestade regulamentaria nas seguintes materias:

- a) Publicidade das actuacións xudiciais.
- b) Publicación e reutilización das resolucións xudiciais.
- c) Habilitación de días e horas, así como fixación de horas de audiencia pública.
- d) Constitución dos órganos xudiciais fóra da súa sede.
- e) Réxime de gardas dos órganos xurisdicionais.
- f) Organización e xestión da actuación dos órganos xudiciais españois en materia de cooperación xurisdiccional interna e internacional.
- g) Condicións accesorias para o exercicio dos dereitos e deberes que conforman o estatuto de xuíces e maxistrados, así como o réxime xurídico das asociacións xudiciais, sen que tal desenvolvemento regulamentario poida supor innovación ou alteración ningunha da regulación legal.

8.<sup>a</sup> Aprobar a relación de postos de traballo do persoal funcionario ao seu servizo.

9.<sup>a</sup> Colaborar coa autoridade de control en materia de protección de datos no ámbito da Administración de xustiza.

10.<sup>a</sup> Recibir queixas dos cidadáns en materias relacionadas coa Administración de xustiza.

11.<sup>a</sup> Elaborar e executar o seu propio orzamento, nos termos previstos na presente lei orgánica.

12.<sup>a</sup> Propor, logo de xustificación da necesidade, as medidas de reforzo que sexan precisas en concretos órganos xudiciais.

13.<sup>a</sup> Emitir informe nos expedientes de responsabilidade patrimonial por anormal funcionamento da Administración de xustiza.

14.<sup>a</sup> Recompilar e actualizar os principios de ética xudicial e proceder á súa divulgación, así como á súa promoción con outras entidades e organizacións xudiciais, nacionais ou internacionais.

15.<sup>a</sup> Elaborar os informes sobre os anteproxectos de lei e disposicións xerais que, en virtude do disposto no artigo 561, lle correspondan.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o Consello en funcións poderá realizar aquelas outras actuacións que sexan indispensables para garantir o funcionamento ordinario do órgano.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 598 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 598 bis.

Cando o Consello Xeral do Poder Xudicial se encontre en funcións, segundo o previsto no artigo 570.2, a súa Presidencia non poderá acordar o cesamento do secretario xeral nin do vicesecretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 29 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN